

# **ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DE BRIÓN**

## **Art. 1.- Definición do Patrimonio Arqueolóxico**

Enténdese por patrimonio arqueolóxico o conxunto de bens mobles e inmobles de carácter histórico, susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, tanto os que se atopan na superficie, no subsolo ou baixo a auga. Asimesmo forman parte deste patrimonio os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos relacionados coa historia humana, coas súas orixes, os seus antecedentes e o seu desenvolvemento (art. 55 da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

## **Art. 2.- Ámbito de aplicación**

Afecta esta ordenanza a todos os xacementos e achádegos de carácter arqueolóxico identificados e delimitados nos planos de ordenación. Os xacementos están catalogados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de acordo coas leis vixentes (16/85 do Patrimonio Histórico Español, 1/97 do Solo de Galicia e 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia).

O ámbito circunscríbese ao definido como protección de xacementos arqueolóxicos, incluídos no catálogo coa clave de identificación normativa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

## **Art. 3.- Mecanismos de altas e baixas no catálogo**

O catálogo de bens arqueolóxicos aséntase nun carácter de PROVISIONALIDADE PERMANENTE, polo que o concello, de oficio ou a instancia de parte, poderá ampliar de maneira inmediata calquera novo ben arqueolóxico descuberto e especificar o seu ámbito de protección.

Será obrigado proceder á inclusión de novos xacementos no catálogo (ou no seu caso exclusión) cando a solicitude se produza a instancia da Consellería de Cultura, como consecuencia de altas ou baixas causadas no inventario de xacementos arqueolóxicos de Galicia.

## **Art 4.- Regulación da protección a aplicar**

Os graos de protección establecidos son os seguintes:

### **GRAO I**

É o máximo grao de protección e aplícase a todos os xacementos declarados Ben de Interese Cultural (BIC) que forman parte do patrimonio histórico.

A lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español no seu art 20.1 establece a obriga de redactar un Plan Especial de Protección para os lugares declarados BIC. Mentres non se redacta este plan, a categoría de protección para estes xacementos será a que fai referencia este apartado, complementada sempre co grao de protección II.2 para o seu contorno.

Actualmente existen varios BIC declarados expresamente como tais no termo municipal de Brión. Así, en virtude do establecido na disposición adicional segunda da Lei 16/1985 de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español, disposición adicional primeira da Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia, así como do Decreto de 22 de abril de 1949 sobre protección dos castelos españois, a fortaleza de Altamira ten a consideración de Ben de Interese Cultural. Asimesmo, en razón do disposto nos Decretos 571/1963, 449/1973 e Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia, os petroglifos existentes dentro do termo municipal, os escudos e pedras heráldicas, así como os cruceiros e hórreos de máis de 100 anos de antigüidade -elementos que tamén están presentes dentro do patrimonio cultural do concello tamén teñen a consideración de Bens de Interese Cultural, polo que quedan sometidos ao rexime xurídico de protección aplicable pola lexislación vixente.

### **Usos Autorizados**

Aqueles que teñan como finalidade evidente o seu melloramento, conservación, consolidación ou investigación. Estes usos restrinxidos estarán rexidos polo Decreto 199/97 do 10 de xullo que regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

Asimesmo nesta zona non se poderán realizar construcións, tendidos, conducións ou instalacións aéreas ou subterráneas, excavacións, recheos, movementos de terras, plantación e arrincamento de árbores, roturacións profundas, nin apertura de pozos e minas.

## **GRAO II**

Aplicarase a todo o solo rústico de protección arqueolóxica que ven delimitado nos planos de ordenación e no catálogo de bens patrimoniais como xacementos arqueolóxicos. Dentro deste grao cómpre distinguir:

### **Grao II-1 (Zona de Protección Integral)**

O seu límite vén definido polas estruturas evidentes do xacemento nas que os elementos arquitectónicos ou arqueolóxicos testemuñan a existencia dun xacemento arqueolóxico. O seu ámbito de aplicación aparece reflectido na cartografía adxunta coa clave G.II-1

### **Usos Autorizados**

Aqueles que teñan como finalidade evidente o seu melloramento, conservación, consolidación ou investigación. Estes usos restrinxidos estarán rexidos polo Decreto 199/97 que regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

Asimesmo nesta zona non se poderán realizar construcións, tendidos, conducións ou instalacións aéreas ou sotárregas, excavacións, recheos, movementos de terras, plantación e arrinque de árbores, roturacións profundas do terreo, nin apertura de pozos e minas.

## **Grao II-2 (Zona de Respecto)**

É unha área definida arredor do perímetro máis exterior do ben, baseándose no art regulador nº 30 das Normas Complementares e Subsidiarias de Planeamento Provincial da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia.

Cando varios elementos singulares se articulen nun conxunto, a área de protección trazarase a partires dos elementos máis exteriores do mesmo e abranguerá a súa totalidade.

O seu ámbito de aplicación aparece reflectido na cartografía adxunta coa clave G.II-2.

### **Usos Autorizados**

Permítense usos agrícolas sempre que estes se realicen de forma tradicional, quedando prohibidas roturacións profundas que poidan danar ou destruír os estratos arqueolóxicos.

Prohíbense remocións e traslados de terras e, agás informe favorable previo do organismo competente da Consellería de Cultura, os tendidos aéreos ou sotárregos de liñas de infraestrutura eléctrica, gas, abastecemento de auga, etc...

### **Condicións de Edificación**

Non se permiten edificacións de nova planta. De modo excepcional e mentres non se prexudique o contorno do xacemento –ou cando este se atopa moi deteriorado sempre previo informe vinculante do organismo competente da Consellería de Cultura, admítense a edificación de vivendas unifamiliares, debendo harmonizar estética e tipoloxicamente co contorno no que se insiren.

A tramitación da licenza para a realización de calquera tipo de obra nesta zona deberá ser informada preceptivamente pola Comisión Territorial de Patrimonio, sendo o seu informe vinculante.

## **GRAO III (Protección Non Integral)**

Aplicarase este grao de protección a aqueles xacementos que posúen un deficiente estado de conservación. Igualmente aplicarase naquelas zonas nas que existan indicios suficientes que fagan pensar na posible existencia de restos arqueolóxicos, así como naqueles nos que se tiveran producido achádegos de materiais arqueolóxicos.

O seu ámbito de aplicación aparece reflectido na cartografía adxunta coa clave G.III.

### **Usos Autorizados**

Dado que nos xacementos suxeitos a este grao de protección concurren unha serie de circunstancias especiais, poderá efectuarse neles certo tipo de obras, sempre e cando se

realice unha actuación arqueolóxica previa. Para elo, deberase remitir á Comisión Territorial de Patrimonio un proxecto detallado de calquera obra ou modificación que se pretenda realizar. A Comisión resolverá sobre a pertinencia de dita obra, anque, en todo caso, sempre conlevará unha intervención arqueolóxica previa que sexa garante da correcta documentación e investigación dos restos arqueolóxicos existentes.

Os xacementos suxeitos a cada un dos distintos graos de protección aparecen detallados no anexo de Patrimonio Arqueolóxico que acompaña a presente ordenanza.

As delimitacións das diferentes zonas de protección (integral e respecto) aparecen grafiadas nos planos de ordenación a escala 1:5.000 conforme ao criterio do arqueólogo asinante nos mesmos.

#### **Art. 5.- Achádegos non previsibles**

Tanto nas obras realizadas fóra dos lugares, enclaves ou delimitacións con protección arqueolóxica especificadas, como naquelas que tendo protección contasen co informe previo no que se presuma esperanza de achádego ou se desen por concluídas as extraccións, aparezan restos, vestixios, elementos ou particularidades que infundan razoable sospeita do seu carácter arqueolóxico, procederase á súa paralización cautelar, informando do achádego ou circunstancias á Comisión Provincial de Patrimonio aos efectos oportunos. Asimesmo informarase ás autoridades municipais para coñecemento e consideración respecto dos prazos de execución das obras e demais condicións que poidan estar contidas na licencia e que, de maneira fortuíta, teñan que incumprirse pola paralización dos traballos.

O ocultamento de achádegos arqueolóxicos, vestixios, pezas ou elementos que se presupoñan constituíntes do Patrimonio Cultural de Galicia responsabilizará aos que así procedan en atención á lexislación vixente e en concordancia co contido do art. 46 da Constitución.

#### **Art. 6.- Infraccións á presente ordenanza**

Será considerada como infracción urbanística toda acción ou omisión que vulnere as prescricións contidas na presente ordenanza, sen prexuízo doutras que estean tipificadas e sancionadas pola lexislación en vigor.

As infraccións contra a presente ordenanza serán consideradas infraccións urbanísticas graves.

As infraccións contra a presente ordenanza non serán, en ningún caso, tipificadas como anexas con outras infraccións cometidas.

### **ANEXO DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO CONCELLO DE BRIÓN E GRAOS DE PROTECCIÓN**

Xacemento Arqueolóxico (XA)

**XA-1:** Castelo e Castro de Altamira (GA15013002)

**XA-2:** Mámoas do Monte de Rañalonga: (GA15013003); (GA15013004); (GA15013007); (GA15013008); (GA15013009); (GA15013010); (GA15013011); (GA15013012); (GA15013013); (GA15013014); (GA15013015); (GA15013016); (GA15013017); (GA15013018); (GA15013019); (GA15013020); (GA15013021); (GA15013022);

**XA-3:** Castro de Tembra (*sen codificar*)

**XA-4:** Petroglifo do Monte Pumariño (GA15013023)

**XA-5:** Castro de Lamiño (GA15013005)

**XA-6:** Castro Lupario (*sen codificar*)

**XA-7:** Castro de Bemil (*sen codificar*)

**XA-8:** Petroglifo de Coto Cornido (*sen codificar*)

**XA-9:** Castro de Forxán (*sen codificar*)

**XA-10:** Xacemento romano de Cirro (GA15013006)

## **TOPÓNIMOS (TOP):**

- **TOP-1:** Castro de Ons (*topónimo*)

## **GRAO DE PROTECCIÓN I (G.I)**

**XA-1:** Castelo e Castro de Altamira (GA15013002) **XA-4:** Petroglifo do Monte Pumariño (GA15013023) **XA-8:** Petroglifo de Coto Cornido (*sen codificar*)

<b>GRAO DE PROTECCIÓN II-I (G.II-1)</b>
---

**XA-1:** Castro de Altamira (GA15013002)

**XA-2:** Mámoas do Monte de Rañalonga: (GA15013003); (GA15013004);  
(GA15013007); (GA15013008); (GA15013009); (GA15013010); (GA15013011);  
(GA15013012); (GA15013013); (GA15013014); (GA15013015); (GA15013016);  
(GA15013017); (GA15013018); (GA15013019); (GA15013020); (GA15013021);  
(GA15013022);

**XA-3:** Castro de Tembra (*sen codificar*)

**XA-4:** Petroglifo do Monte Pumariño  
(GA15013023)

**XA-5:** Castro de Lamiño (GA15013005)

**XA-6:** Castro Lupario (*sen codificar*)

**XA-7:** Castro de Bemil (*sen codificar*)

**XA-8:** Petroglifo de Coto Cornido (*sen codificar*)

**XA-9:** Castro de Forxán (*sen codificar*)

**XA-10:** Xacemento romano de Cirro  
(GA15013006)

#### **GRAO DE PROTECCIÓN II-2 (G.II-2)**

**XA-2:** Mámoas do Monte de Rañalonga: (GA15013003); (GA15013004);  
(GA15013007); (GA15013008); (GA15013009); (GA15013010); (GA15013011);  
(GA15013012); (GA15013013); (GA15013014); (GA15013015); (GA15013016);  
(GA15013017); (GA15013018); (GA15013019); (GA15013020); (GA15013021);  
(GA15013022);

**XA-3:** Castro de Tembra (*sen codificar*)

**XA-5:** Castro de Lamiño (GA15013005)

**XA-6:** Castro Lupario (*sen codificar*)

**XA-7:** Castro de Bemil (*sen codificar*)

**XA-8:** Petroglifo de Coto Cornido (*sen codificar*)

**XA-9:** Castro de Forxán (*sen codificar*)

**XA-10:** Xacemento romano de Cirro (GA15013006)

#### **GRAO DE PROTECCIÓN III (G.III)**

- TOP-1: Castro de Ons (*topónimo*)  
**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN**  
 XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº: 1 PLANO:2\_94-64/94-65 CLAVE IDENT: XA-1

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Altamira	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Lugar de Alta mira (S. Fiz de Brión) Coordenadas 1: 42º52'42"N; 8º41'06" O	<b>TITULARIDADE:</b> Concello de Brión
<p><b>DESCRIPCIÓN:</b> Localízase baixo as ruínas da antiga fortaleza medieval, a uns 294 m de altura. O xacemento actual carece de defensas artificiais, dado que o antigo castelo foi erixido sobre a croa do monte. No flanco norte aínda son visibles parte dos antigos parapetos defensivos, lugar no que tamén foi practicado un camiño para facilitar o acceso ao interior do recinto. O seu emprazamento ten lugar sobre un coito elevado que mantén unha relación dinámica coas terras de labor de poñente, sur e leste, o que fai pensar nun aproveitamento agrícola continuado. Presenta unhas condicións naturais defensivas excelentes que o protexen de xeito óptimo dos altos próximos de Agrón e Sardantes. Dous regatos próximos, situados nas marxes esquerda e dereita respectivamente, proporcionaron auga ao recinto nos distintos tempos históricos no que foi habitado.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:	
<p><b>OBRAS PERMITIDAS:</b> CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN:          RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:</p>	



**MELLORAS NECESARIAS:** A) NO PROPIO ELEMENTO: B) NO CONTORNO:

NIVEL DE INTERESE <sup>2</sup>	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN
HISTÓRICO	X			A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI
X				

**OBSERVACIÓNS:** Os restos deste asentamento castrexo son practicamente nulos debido á construción militar que acolleu, cando menos, dende o S. IX. O recinto está declarado Ben de Interese Cultural dende o ano 1985.

### REXISTRO FOTOGRÁFICO:



**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN**

## XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº : 2 PLANO:2\_120-15 CLAVE IDENT: XA-7

DOCUMENTACIÓN ESCRITA	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Bemil	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Aldea de Bemil (San Xi ao de Bastavales) Coordenadas : 42 ° 49'23''N; 8 ° 40'12'' O	<b>TITULARIDADE:</b> Concello de Brión
<b>DESCRICIÓN:</b> O xacemento atópase moi perto da igrexa de Bastavales, emprazado nun pequeno couto de 120 metros de altura que, a xeito de pequeno espolón, constitúe a parte final dunha ladeira montañosa. Deste xeito só unha parte das terras se asenta visiblemente a menor altitude que o nivel da croa. As condicións naturais de defensa atópanse condicionadas polo asentamento do recinto, situado nunha ladeira que amosa acusadas pendentes cara o val de Bastavales. Pola contra, as vertentes de menor altitude obrigaron a construír un sistema fortificado máis elevado, co obxecto de dificultar en maior medida o asalto á citania. As potencialidades productivas do contorno son boas, dado o apropiado da orografía na que sitúan as terras de labor, e o xeneroso clima que disfrutan. O castro en sí consta dun único recinto ovalado e protexido por un rexo parapeto que circunvala perimétralmente a croa. As magnitudes dos muros defenivos son máis acusados pola banda leste do xacemento. As súas medidas aproximadas son 85 m. no eixo N.S. por 90 no L. O.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b> CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:	

**MELLORAS NECESARIAS:** A) NO PROPIO ELEMENTO: B) NO CONTORNO:

NIVEL DE INTERESE <sup>2</sup>	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN
HISTÓRICO	X			A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI
X				

**OBSERVACIÓNS:** O asentamento atópase totalmente cuberto de piñeiros e en relativo bo estado. O seu parapeto presenta unha única fendidura para acceder á croa. Bibliografía: Grafoxo Pérez, X: *O Poboamento castrexo na rexión occidental da provincia da Coruña*. Compostela. 1989; *O hábitat castrexo no Val de Barcala, Amaía, e o Val do Dubra*. Noia; 1992.

### REXISTRO FOTOGRÁFICO:



**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN**

## XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº : 3 PLANO:2\_94-63 CLAVE IDENT: XA-9

### DOCUMENTACIÓN ESCRITA

<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Forxán	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Aldea de Forxán (Sta. María de Viceso) Coordenadas 1: 42 ° 52' 42" N; 8 ° 45' 20" O	<b>TITULARIDADE:</b> Concello de Brión
<b>DESCRIPCIÓN:</b> Trátase dun recinto alongado e de forma oval no eixo norleste -suroeste, en dirección a Forxán e ás marxes do Tambre. Os desniveis son máis acusados na banda do norte que no poñente. Pola do norleste, e ao pé duns terrapléns exteriores moi acusados, as defensas áchase notablemente deterioradas. O parapeto presenta unha altura no seu nivel interior de 2.5 m, por uns 3 m. de espesor. O outeiro no que se acha o recinto é un cumo pequeno de superficie plana e circular situado a uns 190 m de h, sito xustamente detrás da aldea de Forxán, pertencente ás últimas estribacións que as altas terras de Brión fan cara ao leito do Tambre. Este pasa caudaloso a moitos metros de desnivel respecto da croa do Castro. As condicións naturais de defensa son boas, polo que os desniveis do contorno son o suficientemente relevantes como para garantir unha boa dominación sobre a paisaxe circundante, ben dotada de mananciais que regan abondosos pastos e cultivos. O eixo N.S. presenta un diámetro de 90 m., mentras que o L.O. é un pouco menor: 70 .	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b> CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:	

**MELLORAS NECESARIAS:** A) NO PROPIO ELEMENTO: Recoméndase prohibir a plantación de árbores, de maneira que as súas raiceiras non danen máis o xacemento, dificultando unha posible excavación posterior. B) NO CONTORNO:

NIVEL DE INTERESE <sup>2</sup>	1	2	3		ESTADO DE CONSERVACIÓN
HISTÓRICO	X				A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI
X					

**OBSERVACIÓNS:** O recinto castramentado está cuberto de piñeiros, toxos e xestas, así como abundante vexetación baixa. O seu parapeto defensivo presenta numerosas fendas estruturais que limitan a súa apreciación en varios puntos. A aldea sitúase ao norleste do xacemento, nun lugar de menor altura ao pé do recinto castrexo. Bibliografía: Agrafoxo Pérez, X: *O Poboamento castrexo na rexión occidental da provincia da Coruña*. Compostela. 1989; *O hábitat castrexo no Val de Barcala, Amaía, e o Val do Dubra*. Noia; 1992.

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



## CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

### XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº : 4 PLANO:2\_94-75 CLAVE IDENT: XA-5

#### DOCUMENTACIÓN ESCRITA

<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Lamiño ou Castrigo	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Aldea de Lamiño (S. Fiz de Brión) Coordenadas 1: 42 ° 51'57''N; 8 ° 39'57'' O	<b>TITULARIDADE:</b> Concello de Brión

**DESCRIPCIÓN:** Foi a primeira acrópole castrexa de Brión que se estudiou con rigor científico no S. XX. Así, no ano 1923, o Seminario de Estudos Galegos publicou no Cuaderno de Estudios Gallegos un amplo estudio derivado dos traballos que realizou no xacemento, fundamentalmente, Bouza Brey. O castro presenta unha forma elipsoidal, posuindo a meseta superior máis de 23 m. de eixo maior, e 20 no menor. En torno á croa ou acrópole terminal do castro atópase un reducto perimetral seguido dos restos de varias barreiras defensivas. Entre os valos que dividían os agros veciños, os membros do Seminario acharon muíños de man romanos. Nas catas realizadas por Bouza Brey, Tobío Fdez e Filgueira Valverde, entre outros, atopáronse restos de cerámica. Tamén se ten constancia da aparición dun machado de bronce (actualmente desaparecido). No entorno do xacemento atopamos a interesante pegada toponímica relativa ao ben: *Socastro* na parte baixa do recinto, e *Castrigo* detrás daquel. Este seu contorno parece especialmente dotado para o cultivo, o que nos leva a pensar no traballo sistemático das terras de labor por parte dos habitantes desta acrópole. Os membros do Seminario creron que este tipo de recintos castramentados, os situados a baixa altura, puideron xeralizarse no tempo da romanización (do I ao IV dC.), momento no que os invasores imporían a súa dominación recluíndo aos nativos en lugares facilmente visibles e vixiables, caso de Lamiño. Cómpre recordar que Plinio (XXXVI, 134) cita un *Laminium*, célebre polas súas pedras de afiar, sito na Hispania citerior. Perto de aquí atópase unha casa denominada *do Castro* onde, segundo os membros do Seminario, foi levada Rosalía despois de ver luz en Santiago para pasar os primeiros meses da súa vida.

**ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:** Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos

**PLANEAMENTO POSTERIOR:** OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:

**OBRAS PERMITIDAS:** CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:

**MELLORAS NECESARIAS:** A) NO PROPIO ELEMENTO: Recoméndase prohibir a plantación de árbores, de maneira que as súas raiceiras non danen máis o xacemento, dificultando unha posible excavación posterior. B) NO CONTORNO:

NIVEL DE INTERESE <sub>2</sub>	1	2	3		ESTADO DE CONSERVACIÓN
HISTÓRICO	X				A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI
X					
<b>OBSERVACIÓNS:</b> O xacemento de Lamiño, que tamén é coñecido por Castro de Castrigo, O Bico do Castro e Horta do Rei Mouro, foi estudado no ano 1971 por García Romero.					

### REXISTRO FOTOGRÁFICO:



### CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

### XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº : 5 PLANO:2\_94-63 CLAVE IDENT: TOP-1



## DOCUMENTACIÓN ESCRITA

<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Ons	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Lugar do Castro (Sta María de Ons) Coordenadas: 42º 53'18''N; 8º 43'42'' O	<b>TITULARIDADE:</b> Concello de Brión
<b>DESCRICIÓN:</b> O Castro, que así é como o denominan os veciños de Ons, localízase nun lugar chan, onde se vislumbra unha leve elevación, así como o que poden ser algúns dos restos da antiga muralla defensiva.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b> CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:	
<b>MELLORAS NECESARIAS:</b> A) NO PROPIO ELEMENTO: Recoméndase prohibir a plantación de árbores, de maneira que as súas raiceiras non danen máis o xacemento, dificultando unha posible excavación posterior. B) NO CONTORNO:	
<b>NIVEL DE INTERESE<sub>2</sub></b>	<b>ESTADO DE CONSERVACIÓN</b>
1	
2	
3	
X	
X	
A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI	

**OBSERVACIONES:**

Algúns veciños contan como nos anos corenta, unha cuadrilla de canteiros que estaba a traballar na construción dunha casa extraían a pedra do vello xacemento. Un día, estes artesáns da pedra fuxiron espaventados, deixando no lugar do Castro as súas ferramentas. Nunca máis se soubo deles.

Hai quen opina que deron cun tesouro, o que os moveu a fuxir sen daren explicación algunha.

Actualmente atópase nun estado desastroso, totalmente cuberto de árbores (piñeiros e eucaliptos maiormente) e abondosa e mesta vexetación.

**REGISTRO FOTOGRÁFICO:****CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN****XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS**

FICHA Nº : 6 PLANO:2\_94-74 CLAVE IDENT: XA-3

**DOCUMENTACIÓN ESCRITA**

<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Tembra	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Aldea de Tembra (S. Mi guel de Boullón) Coordenadas : 42 ° 51 '10" N; 8 ° 41 '50" O	<b>TITULARIDADE:</b> Concello de Brión
<p><b>DESCRIPCIÓN:</b> O Castro de Tembra localízase nunha pronunciada alba dos Altos da Faboira, a uns 300 m. de altura aproximadamente, cando a montaña morre no río Pego, curso que serve de límite natural ás parroquias de Boullón e Os Ánxeles. A caída do recinto ten lugar de xeito máis acusado no eixo norte -sur, onde o desnivel chega aos 10 metros. Xa que logo, a parte máis elevada do recinto castramentado non é a croa, sen ón a beira do recinto máis próxima ao cume do sistema montañoso no que se encrava. Os desniveis máis acusados áchanse ao leste, sur e poñente, onde os perfís do xacemento mellor admiran a proximidade do río. É por esta mesma razón polo que o flanco norte precisou dos maiores esforzos defensivos, o que obrigou aos castrexos de Boullón a construír importantes obras defensivas neste punto. Na actualidade só é claramente visible un dos parapetos defensivos, separado do recinto habitado por un foxo dun largo variable que vai dos 5 aos 7 metros. As súas medidas nos distintos eixos son: 100 m. no N.S. e 110 m. no L.O.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Solo de Protección de Restos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDA DO: OPTATIVO: INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b> CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:	
<b>MELLORAS NECESARIAS:</b> A) NO PROPIO ELEMENTO: Recoméndase prohibir a plantación de árbores, de maneira que as súas raiceiras non danen máis o xacemento, dificultando unha posible excavación posterior. B) NO CONTORNO:	

NIVEL DE INTERESE <sup>2</sup>	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN
HISTÓRICO	X			A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI

X					

**OBSERVACIÓNS:** Toxos, xestas, fieitos, carballos e eucaliptos forman parte da maleza que cubre, case na súa totalidade, o recinto. Os parapetos unicamente son visibles con claridade na parte septentrional do xacemento, perdendo entidade e altura a medida que nos desplazamos cara ao sur. Bibliografía: Agrafoxo Pérez, X: *O Poboamento castrexo na rexión occidental da provincia da Coruña*. Compostela. 1989; *O hábitat castrexo no Val de Barcala, Amaía, e o Val do Dubra*. Noia; 1992.

### REXISTRO FOTOGRÁFICO:



### CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

### XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº : 7 PLANO:2\_120-16 CLAVE IDENT: XA-6

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro Lupario	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Aldea de Beca (S. Xiao de Bastavales) Coordenadas: 42º 48'41''N; 8º 37'31'' O	<b>TITULARIDADE:</b> Compartida entre os concello de Rois e Brión
<p><b>DESCRIPCIÓN:</b> Tamén é coñecido cos nomes de Castro de Francos (por ficar pertiño da aldea do mesmo nome, pertencente á parroquia de Calo –Teo-), e do Faramello (por esta aldea de Ribasar). A lenda medieval fixou neste lugar a residencia da raíña Lupa cando os discípulos do apóstolo trouxeron os seus restos a Galicia. Fernando Acuña Castroviejo e Milagros Cavada realizaron a excavación máis documentada que se coñece. Este recinto circular castramentado áchase á dereita da estrada N-550, no treito que une Pontevedra con Santiago, mais concretamente entre os quilómetros 10 e 11. Na actualidade o monte atópase cuberto de piñeiros e maleza diversa. Chégase ao castro por un camiño de carro que penetra na súa acrópole, coñecida como <i>eira dos mouros</i>, pola parte norte, onde se atopa a única entrada ao recinto. A partir deste lugar comeza a muralla, de diverso grosor e altura segundo o treito, nun relativo bo estado de conservación. No seu interior obsérvase unha ampla plataforma cruzada por varios muros no seu eixo central (cecais pertencentes ao castelo e torre que acolleu na idade media). Próximo ao xacemento discorre o río Tinto, amáis dun treito de camiño que puido pertencer á variante portuguesa do Camiño de Santiago. No recinto acháronse grabados rupestres, esculturas, cerámica e moedas. Segundo a abundante bibliografía recollida en estudos posteriores, o recinto castrexo foi reconvertido no medievo en castelo, tal e como no seu día testemuñaron Fray Juan de Azconaz (1532) e Castellá Ferrer<sup>3</sup> (1610).</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:	

<sup>1</sup> Se procede

<sup>2</sup>

<sup>3</sup> *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia*, de F. Fita e A. Fernández Guerra (Madrid 1880).

<sup>3</sup>

**OBRAS PERMITIDAS:** CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:

**MELLORAS NECESARIAS:** A) NO PROPIO ELEMENTO: Recoméndase prohibir a plantación de árbores, de maneira que as súas raiceiras non danen máis o xacemento, dificultando unha posible excavación posterior. B) NO CONTORNO:

NIVEL DE INTERESE <sup>4</sup>	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN	
HISTÓRICO	X				A) BO: B) REGULAR: SI C) MALO:
X					
<b>OBSERVACIÓNS:</b>					

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN**

## XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº: 8 PLANO:2\_94-84 CLAVE IDENT: XA-8

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>				
<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifo de Coto Cornido	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Arte Rupestre			
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Coto Cornido, Aldea de Cantelar Coordenadas: 42°50'24"N; 8°39'45" O	<b>TITULARIDADE:</b> Privada			
<b>DESCRICIÓN:</b> Trátase de dúas cazoletas duns 20 cm de profundidade por 15 de diámetro distantes entre sí uns 3 metros. Localízase entre a aldea de Cantelar e o río Pego, nun souto de castiñeiros, carballos e eucaliptos. A laxe lixeiramente inclinada na que se atopan as cazoletas conta, ademais, cunha serie de incisións curvilíneas a xeito de fisuras, que atravesan a laxe en dirección vertical e horizontal.				
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos				
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:				
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b> CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:				
<b>MELLORAS NECESARIAS:</b> A) NO PROPIO ELEMENTO: Aconséllase a sinalización do ben así como a instalación de panelística que permita a súa correcta interpretación.				
<b>NIVEL DE INTERESE<sub>2</sub></b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>ESTADO DE CONSERVACIÓN</b>
HISTÓRICO	X			A) BO: B) REGULAR:SI C) MALO:

X					

**OBSERVACIÓNS:**

Este xacemento aparece referenciado no presente documento de planeamento coa clave *MBA2*. A Consellería de Cultura debe tomar coñecemento da existencia deste ben a fin de catalogalo axeitadamente.

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN**

**XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS**

**FICHA Nº : 9 PLANO:2\_94-74 CLAVE IDENT: XA-4**

**DOCUMENTACIÓN ESCRITA**

<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifo do Monte Pumariño	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Arte Rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Monte Pumariño (S. Xíao de Bastavales) Coordenadas: 42º 49'20" N; 8º 38'07" O	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>DESCRICIÓN:</b> Trátase dunha representación gráfica ao aire libre datable na Idade de Bronce que presenta unha serie de círculos concéntricos e unha cazoleta central. As dimensións da pedra na que se acha son 5.50 NS x 9.50 EW. Ao seu pé atópase unha torre de alta tensión que dana parcialmente o xacemento.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b> Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b> OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:	



**OBRAS PERMITIDAS:** CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN:  
ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:

**MELLORAS NECESARIAS:** A) NO PROPIO ELEMENTO: Recoméndase trasladar uns metros a torre de alta tensión que dana o xacemento. Asimesmo aconséllase a sinalización do ben e a instalación de panelística que permita a súa interpretación.

NIVEL DE INTERESE <sup>2</sup>	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN
HISTÓRICO	X			A) BO: B) REGULAR: SI C) MALO:
X				

**OBSERVACIONES:**

O xacemento aparece referenciado no presente documento de planeamento coa clave alfanumérica XBA3. Nembargantes no Catálogo da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural figura baixo a identificación GA15013023. Non puido ser localizado.

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



## CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

### XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº : 10 PLANO:2\_94-85 CLAVE IDENT: XA-10

#### DOCUMENTACIÓN ESCRITA

<b>DENOMINACIÓN:</b> Villa romana de Cirro	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento romano
<b>LOCALIZACIÓN:</b> Na veiga denominada Tallas (aldea de Cirro, S. Salvador de Bastavales) Coordenadas: 42º 50'24''N; 8º 39'45'' O	<b>TITULARIDADE:</b> Privada (Heredeiros da familia Vilanova Picón)

**DESCRIPCIÓN:** Trátase dun xacemento datable na época da cultura galaico-romana (do S. I ao III dC), no que se atopou casualmente un mosaico e mais os restos dun **hypocaustum** (forno da calefacción) **romano**, con pavimento de baldosas de barro vermello, así como o comezo das pilastras, elaboradas con ladrillos cadrados. Os restos puideron pertencer a unha antiga villae romana. O xacemento atópase a uns 65 metros de altura, moi perto dun prado e mais dunha carballeira.

**ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:** Zona de Protección de Restos Arqueolóxicos

**PLANEAMENTO POSTERIOR:** OBRIGADO: SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:

**OBRAS PERMITIDAS:** CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:

**MELLORAS NECESARIAS:** A) NO PROPIO ELEMENTO: Prohibición de plantar árbores sobre o xacemento, así como no seu contorno inmediato. Asimesmo cremos conveniente que o Concello promova a súa excavación e o estudio, labor para o que debería procurar a colaboración da Consellería de Cultura e da Universidade de Santiago. O asinamento dalgún tipo de convenio con estas institucións, así como cos propietarios legais do lugar no que se empraza o xacemento podería facer posible non só o seu estudio científico, senón mesmo a posta en valor deste atractivo ben de interese cultural, xerador de coñecementos e –se se sabe explotar razonable e convenientementetamén de recursos económicos.

NIVEL DE INTERESE <sup>2</sup>	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN	
HISTÓRICO	X				A) BO: B) REGULAR: C) MALO:
X					

**OBSERVACIÓNS:** Alfaro Giner dirixiu a excavación deste xacemento no ano 1973. Chamoso Lamas xa dera conta del no Noticario Arqueolóxico Hispano 1964-65.

## CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

### XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

FICHA Nº: 11 PLANO: 2\_94-74 CLAVE IDENT: XA-2

#### DOCUMENTACIÓN ESCRITA

**DENOMINACIÓN E CLAVE:** Mámoa de Rañalonga;  
GA15013003

**TIPO DE ELEMENTO:** Megalito  
prehistórico

**LOCALIZACIÓN:** En Montouto, entre as aldeas de Brión e O Viceso (Parroquia de Brión) Coordenadas:  
42º 52'26" N; 8º 42'40" O

**TITULARIDADE:**

**DESCRIPCIÓN:** Trátase dun túmulo que forma parte dun Campo de mámoas composto por un total de 18 exemplares megalíticos prehistóricos de entre 1.5 e 1.8 metros de altura dispostos en zigzag ao longo da Chan do Francés<sup>2</sup> (Rañalonga). Trátase, xa que logo, dun lugar de enterramento comunitario propio do Neolítico (-3500 a -1800) situado a uns 275 m. sobre o nivel do mar. As mámoas foron sistematicamente espoliadas dende o S. XVII, labor para o que os seus saqueadores retiraron as lousas de granito que ata daquela cubriron as antas. Actualmente descoñecemos se estas lousas permanecen soterradas ao pé das mámoas, ou se foron reaproveitadas polos labregos para outros usos. O que parece claro é que, baixo terra, aínda se manteñen en pé os ortostatos que pechan perimetralmente o lugar de enterramento e que, ata hai douscentos ou trescentos anos, sostiveron as devanditas lousas. Situada en Rañalonga, o que hoxe en día podemos apreciar é unha mámoa cuberta por terra e pedras miúdas que forman un túmulo circular coa súa cimeira perforada por un cono de violación de entre 5 e 7 metros (resulta imposible comprobalo exactamente). De practicarmos unha escavación sistemática, moi probablemente só atoparíamos un dolmen descuberto conformado por lousas de soporte que pechan circular ou poligonalmente o recinto funerario individual. Descoñecemos cal foi o resultado das escavacións realizadas no pasado neste campo funerario, polo que resulta imposible coñecer se este monumento megalítico aínda agocha algún enxoval composto por armas, trebellos domésticos, obxectos de adorno... Pola contra, parece descartada a posibilidade de achar restos humanos, debido á enorme acidez do chan de Galicia.

**ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:** Solo de Especial Protección de Restos Arqueolóxicos

**PLANEAMENTO POSTERIOR:** OBRIGADO:SI RECOMENDADO: OPTATIVO: INNECESARIO:

**OBRAS PERMITIDAS:** CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN: Observacións:

